

Tics 1º Bach curso 205-26 - 3º Trim.
Profesor Javier Villaverde.

Descargar y modificar con html.


Agora que xa coñecemos os elementos básicos do código html imos dar un paso máis.

O código básico de referencia segue a estar na páxina:

<http://daleclick.blogspot.com/2005/02/que-es-html.html>



Para editar o código en lugar de empregar o bloc de notas ou o **mousepad**, podemos empregar o programa **Geany** incluído na maqueta abalar.



O novo obxectivo será empregar o código html dunha páxina xa creada, decargando o código completo e modificando aqueles elementos que coñecemos mellor, cores, textos, tamaños, enlaces e bordes de cadros.

Procedemento

Paso1: escollemos unha páxina web atractiva pero que non sexa moi complicada. Os menos avanzados deberían escoller un **BLOG**, o código será mais sinxelo. Tamén funciona ben a páxina da **Aula Virtual** do centro ou de calquera outro instituto.

Paso2: Botón dereito sobre a páxina e *Ver código fonte* (MOZILLA). Copiar todo o código e gardalo no noso ordenador.

Paso 3: Eliminando liñas repetidas, modificando os elementos do código e incluíndo algún dos coñecidos, podemos obter unha páxina semellante pero con información propia do curso de Tics.

Como sempre entregaremos os arquivos para correxir.

1- O orixinal en html, o 2 - correxido en html e 3- un **documento editado** explicando os principais cambios e os resultados obtidos, emprego e ferramentas do editor Geany, indicando código e imaxes de captura de pantalla.